


A noite branca

Páxina persoal do escritor Francisco X. Fernández Naval

MEMORIA DE ABRIL

Publicado o [28 de Maio de 2014](#)



En Nova York saíu **Memoria de abril**. É novidade de hoxe. A editorial Artepóética Press, que dirixe o profesor e escritor Carlos Aguasaco, anunciou que, logo dun traballo dun ano que incluíu tres correccións de probas, xa está a venda a antoloxía de versos elaborada e traducida por Teresa Seara, autora, ademais do estudo preliminar.

Para min é unha grande emoción e xa brindamos por el na casa ao rematar o xantar. A antoloxía, publicada en edición bilingüe galego-castelán, recolle un total de 207 poemas. Van algúns de **A fonte abagañada**, aquel libro primeiro de 1980; algo menos da metade de **Pavillón habitado**; case todos os de **Días de cera**; todo **Mar de Lira**; **Miño** completo agás *Riografía*, que era moito caudal, cos seus 350 versos, tantos como quilómetros ten o río. Completo vai tamén **Bater de sombras**, tal e como aparecía xa na edición, tamén bilingüe, de Hurga y Fierro de 2011 e completo, na súa brevidade, **Suite Dublín**, recollendo a edición que no ano 2010 publicaba en México a editorial MiCielo, de Mónica González, amiga, tamén de Carlos Aguasaco. En principio Carlos pretendía publicalo

todo, pero non era posible. Nin eu quería incluír todos os poemas publicados, nin a editorial podía asumir o resultado final. Aínda así, o libro supera as 300 páxinas.

Carlos informa que dentro duns días estará dispoñible á venda en Amazon, tanto en papel como en edición dixital. Polo de agora a edición que Artepoética Press distribúe, é só a de papel. Por se alguén está interesado, irei dando novas aquí de como evoluciona a posibilidade de adquisición. Esta é a ligazón:

www.artepoetica.com

Artepoética Press traballa o universo do lector hispano nos Estados Unidos e, de maneira particular, os estudantes universitarias das diferentes filoloxías románicas, xa que, segundo parece, precisan de textos nas linguas orixinais. É selo novo, pero que nace con forza e que nos dous anos que leva no mercado ten xa unha boa colección de títulos e vai elaborando aos poucos a súa nómina de autores.

Gústame, ademais, que o símbolo da editorial sexa o merlo. Carlos editara xa, no ano 2011, unha plaquette con textos de **Bater de sombras**, nun selo editorial El barco ebrio, dedicado unicamente a este formato pequeno.

Esta entrada foi publicada en [Artigos](#) por [fernandeznaval](#). Marca a [ligazón permanente \[http://fernandeznaval.blogaliza.org/2014/05/28/memoria-de-abril/\]](#) .